

A IDADE MEDIA EN GALICIA

1. A Alta Idade Media (s. V-XIII)

1.1 Os suevos

No último século do Imperio Romano de Occidente múltiples pobos de orixe xermánica penetrarán no seu *limes*. Algúns como invasores, outros baixo pactos de *foedus* con Roma nos que se lles entregaba o control de certo territorio a cambio da súa defensa e da súa submisión a Roma. Este foi o caso de *Gallaecia*, que foi entregada baixo pacto de *foedus* aos vándalos e aos alanos, na súa parte central e oriental, e aos suevos na súa parte occidental. Estes últimos tomarían o control de todo o territorio no ano 420.

Baixo o nome de suevos temos realidades moi heteroxéneas que parece que proviñan da zona de Suabia, na marxe superior do río Danubio. Chegaron arredor de 30.000 da man de Hermerico e pronto se converteron na minoría dirixente da poboación indíxena galaico-romana, que, nun primeiro momento, tratou de resistir o seu dominio pola forza ata o 437. Despois desta fase a monarquía sueva, electiva e feble, dependente do conxunto dos nobres suevos, como o restos das monarquías de orixe xermánico, e que está sometida a nivel teórico á autoridade do Emperador, aséntase de maneira clara no territorio. O rei Requiario converterá aos suevos ao catolicismo, o cal serve para mellorar as relacións coa poboación galaico-romana, e romperá coa autoridade de Roma iniciando expedicións de pillaxe por toda a península. En concreto, contra a provincia Tarraconense que estaba baixo autoridade directa de Roma. Ante este feito, Roma pactará cos visigodos unha expedición punitiva contra os suevos que culminará no 456 coa vitoria dos visigodos na batalla do río Órbigo (preto de Astorga) que suporá a volta ao **arrianismo**.

Durante esta época un feito significativo é a chegada de poboación de orixe bretón que escapaban da invasión anglosaxona, e, que se establecerán na costa lucense cunha sede bispal propia dando lugar ao nacemento da diocese de Bretoña que será a precursora da actual Mondoñedo.

A partir de mediados do século VI atopamos o reino suevo como unha unidade política máis estruturada, coñecida nas fontes xa coma *Gallieciense Regnum* e non coma anteriormente se coñecía: *Regnum Suevoorum*. Nesta época destaca a figura de San Martiño de Dumio (529-579), bispo de Braga, que é unha figura clave xa que converteu de novo aos visigodos ao catolicismo e reorganizou a Igrexa sueva en 13 **dioceses**. Isto denomínase *parroquiale suevum*, e nos da mostras dun reino máis organizado a nivel administrativo e relixioso. En 585 o reino suevo será conquistado polo reino visigodo da man de Leovixildo de xeito definitivo aproveitando unha guerra civil na que Eurico fora destronado por Andeca, último rei suevo.

1.2 Os visigodos

Durante o reino visigodo *Gallaecia* será un lugar ben definido territorialmente gobernado por un *dux*. As principais aportacións dos visigodos serán: a conversión definitiva con Recaredo das autoridades visigóticas e a *lex gotorum*, compilada no *Fuero de Juzgo* ou *Liber Iudiciorum* de Recesvinto, que consistirá na fusión da tradición romana e gótica do dereito. Cabe sinalar que a xermanización da poboación galaico-romana foi moi feble e que a sociedade non estivo apenas influenciada polas autoridades godas que a gobernaban.

No século VIII, baixo a figura de San Frutuoso de Braga e da *Regula Monastica Communis* comeza o **monacato galego** e a fundación de mosteiros que estaban federados, e incluso algúns deles eran organizacións familiares (familias que se retiraban a vivir nos mosteiros mesturando a vida familiar coa vida relixiosa). Era un modelo distinto ao dos bieitos que se imporá máis adiante. A regra de Frutuoso era tremendamente rigorista, moi disciplinaria e con sistemas de comida e vixilia absolutamente espartanos. Desta época datan a fundación dos mosteiros de San Xulián de Samos ou o de San Pedro de Rochas, un dos máis significativos eremitorios galegos.



Ilustración 1. Capela visigótica de San Xes de Francelos

1.3 A conquista musulmá

No 711 prodúcese a desintegración do reino visigodo a raíz da conquista musulmá iniciándose un período coñecido como a formación dos reinos cristiáns. Galicia quedou como un territorio marxinal de Al-Andalus e a presenza musulmá limitouse a pequenas razzias e non provocou ningún cambio estrutural significativo nos planos territorial, económico ou social. Galicia queda á marxe do Islam.

A partir do 753, o Sistema Central convértese nunha sorte de marca fronteiriza con Al-Andalus, polo que podemos afirmar que a partir do 750, a presenza islámica non é significativa e o reino de Asturias é aínda moi embrionario. Neste contexto, quen detenta as funcións de mando do extinto reino visigodo son as aristocracias locais ou comunidades campesiñas autoxestionadas que acabarán caendo baixo control dos mosteiros ou da nobreza.

A pesar de todo, non esquecer que a Historia Medieval está tan contaminada polo construto ideolóxico da **Reconquista** que tendemos a pensar que había dúas Españas, a cristiá e a islámica,

que vivían de costas unha á outra. Isto é falso, o contacto entre Galicia e Islam mantense moi vivo até, polo menos, ben entrado o século XI. Exemplos desta permeabilidade son:

- As razzias islámicas, fenómeno moi importante até o reinado de Afonso II e posteriormente en tempos de Almanzor, motivaban a atención da poboación galega a posibles ataques.
- Contactos políticos entre as elites de ambos territorios: pactos, alianzas matrimoniais... Moitos dos primeiros dominadores islámicos casaron con fillas e viúvas dos dirixentes visigodos.
- Presenza de escravos musulmáns, un grupo substancial de procedencia andalusí, capturados en batallas e campañas predatorias.
- Comercio de luxo. As aristocracias e grandes mosteiros de Galicia compran os produtos de luxo a Al-Andalus, que os canaliza mercantilmente.
- Asentamentos de mozárabes. Levan consigo outra forma de falar, de vestirse e de comportarse.

Por tanto, vemos que a pesar de que Galicia queda máis ben á marxe do Islam politicamente falando, vese influída en moitos aspectos por contactos co mundo árabe, debido ao poder enorme que acadou o Islam.

1.4 A integración no reino astur e o nacemento do Reino de Galicia

Galicia comezará a súa integración no reino astur en varias fases. A primeira fase (750-790) incorporará a Galicia nor-oriental na que Afonso I e Fruela I incorporarán, tras derrotar aos nobres locais, a costa cantábrica até Lugo e o val medio do Miño, repoboando nesta fase o Mosteiro de Samos. A segunda fase (790-842) supón a anexión da Galicia occidental e está protagonizada por Afonso II. Foi unha incorporación pacífica contando co apoio da nobreza local e do bispo de Iria na que se creará o mito do descubrimento dos restos do Apóstolo Santiago (813). Por último, a Galicia meridional quedará incorporada nunha terceira fase (850-910) chegando esta expansión ata Porto e Coimbra.

Baixo a conquista Astur nacerá o novo concepto de Galicia, entidade territorial netamente diferenciada das terras de León e de Asturias. Será trala morte de Afonso III (910) cando esta diferenciación territorial adquirirá o rango de **reino de Galicia**. A maior parte da súa historia, permanecerá integrado baixo o control dos monarcas astur-leoneses, aínda que en breves períodos foi un reino independente:

910-914: Ordoño II foi monarca propio de Galicia. Despois da morte dos seus irmáns integrará tamén León e Asturias.

926-929: Os fillos de Ordoño reparten o seu reino e un, Sancho Ordoñez, será ata a súa morte rei de Galicia. Despois quedará de novo integrada no reino de León.

1065: Fernando I reparte o reino entre os seus fillos e García queda co reino de Galicia. En 1071 Sancho II de Castela o despoxa do seu reino e Afonso VI, o terceiro irmán aproveitará o asasinato de Sancho II para unificar de xeito definitivo todos os territorios no reino de León. Galicia nunca volverá a ser reino independente. En 1143, Afonso Henriques creará o reino de Portugal e as terras entre o Mondego e o Douro pasarán a ser un reino diferenciado e independente de Galicia.

O título de reino de Galicia permanecerá de xeito honorífico ata a extinción das **Xuntas do Reino de Galicia** durante o reinado de Sabela II, coas reformas liberais da división provincial de Javier de Burgos en 1833.

1.5 Economía e sociedade

A célula básica na ordenación do territorio e no asentamento humano é a **vila**. Vila non entendida xa coma as *villae* de época romana senón máis ben coma as aldeas. Existe unha tremenda coincidencia entre as vilas medievais documentadas e a vilas actuais. O modelo agrícola vixente na Galicia do



Ilustración 2. Santo Estevo de Rivas de Sil

VIII e IX é de herdanza romana, baseándose en cereais e viñedo. Predominan o centeo, cebada e millo miúdo, os que mellor se adaptan ás condicións edáficas e climáticas galegas. Hai moitas referencias na documentación a froiteiras, especialmente maceiras. A gandaría segue sendo importante, sobre todo en zonas de montaña.

A partir do s. X comeza o proceso de **formación da gran aristocracia**. Os poderosos galegos ven reforzada a súa riqueza e prestixio por unha serie de factores entre os que sobresaen: o incremento do patrimonio territorial grazas á expansión do territorio galego e o achegamento á monarquía. Os reis desta época non poden reinar sen a aristocracia e esta non pode consolidar o seu poder sen o respaldo da monarquía. Para isto a monarquía cede o seu exercicio delegado do poder, nacemento unha nobreza condal que proporciona protección a campesiños, obtén terras dos monarcas a cambio de servizos prestados e exerce o poder público. As funcións políticas que os reis delegan son revogables e, polo tanto, non se transmiten hereditariamente; pero isto é en teoría, na práctica si que ocorre: transmítense as funcións de pais a fillos e mesmo de fundadores de mosteiros a mosteiros. Hai algúns que non logran perpetuar o seu poder. Está situación dará lugar a que Galicia, ao igual que o resto de Europa occidental, a partir do s. X, comece a súa andaina no réxime feudal.

O poder político, o dominio social e o poder territorial acumularase en mans destes señores que chegarán a ter un gran protagonismo político e participarán nos conflitos sucesorios do reino de León e de Castela. Aínda que a partir do s. XIII perderán moita da súa influencia xa que o centro gravitatorio do poder no reino de Castela quedará cada vez máis lonxe convertendo Galicia nun lugar periférico afastado do poder.

Mención aparte son os **señoríos eclesiásticos**, que pola extensión dos seus dominios e das súas rendas foron o grupo máis importante dos privilexiados na sociedade galega medieval. Os **mosteiros do Císter e dos Bieitos** acumularon enorme poder patrimonial froito de doazóns dos monarcas e dos fieis. Estas terras eran administradas mediante explotación directa ou indirectamente a través do arrendamento e dos foros a partir do s. XII. Cabe destacar coma exemplos destes mosteiros os emprazados na Ribeira Sacra que podemos catalogalos coma un dos máximos expoñentes do estilo románico en canto aos mosteiros. Os controlados polos bieitos de **Santo Esteban de Rivas de Sil** e o de **Santa Cristina de Ribas de Sil**, e, o mosteiro feminino do Císter de **Santa María de Ferreira de Pantón**.



Ilustración 3. Santa Crsitina de Ribas de Sil

A acumulación de propiedades, moitas delas moi dispersas, en mans eclesiásticas expón o problema da súa explotación. Isto, sumado a que a escravitude retrocede até a súa case desaparición, leva ao case abandono da explotación directa, salvo en territorios concretos, próximos ao mosteiro. Esta tendencia é universal, mesmo no caso do Císter, que nacera no XII como reacción a relaxación da regra bieita e que opta por un modelo de roturación, de monxes que viven do froito do seu propio traballo. Pero até eles abandonan a explotación directa. Por todo iso desde mediados do XII vai estendéndose a explotación indirecta dos grandes dominios señoriais e monásticos. A explotación queda en mans dos campesiños non propietarios, que traballan a terra a cambio dunha renda e outras condicións de tipo económico, laboral e social.




Ilustración 4. Interior cisterciense de Santa María de Meira

O **foro** será a fórmula contractual máis importante na Idade Media galega. Nace neste contexto e neste período, e permanece até o século XX. O foro reúne a dependencia económica e social do campesiño fronte ao seu señor, pero a cambio dálle estabilidade e permanencia no cultivo desa terra. Aparecen na segunda metade do XII (Rocas, 1165) e multiplícase de forma espectacular ao longo do XIII. A primeira característica é a longa duración dos contratos: por varias xeracións ou mesmo a perpetuidade.

A evolución da duración ao longo da Idade Media vai variando en función de conxunturas económicas. Ten un carácter enfitéutico, que converte ao campesiño-foreiro en usuario permanente desa terra aínda que nunca sexa o seu propietario, até o punto de que resulta moi difícil que sexan desaloxados da terra. O campesiño está obrigado a pagar unha serie de rendas ao propietario. O foreiro comprométese co contrato a coidar a terra, coidala ben e melloral a cambio dunha porcentaxe da colleita: é a forma concreta do réxime feudal de servidume en Galicia. O foro, polo tanto, non é só un contrato económico, é un vínculo señorial polo cal o campesiño reconece explicitamente a súa dependencia.

Os bispos foron outro grupo de señores eclesiásticos de enorme importancia. Existiron en Galicia cinco sedes episcopais (Santiago, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui). Acumularon enorme poder territorial e participaron activamente na política galega, coma os señores laicos. Un dos máis destacados foi **Diego Xelmírez**, bispo de Santiago en 1101. Potenciou enormemente a cidade, e, conseguiu a categoría arcebispal para Santiago e o privilexio do Anos Santos cultivando as súas boas relacións co papado. Organizou as peregrinacións, mellorou os camiños e deu gran impulso a construción da catedral, chegando incluso ata a acuñar moeda propia. Inflúe na elección do futuro rei de Castela Afonso Raimúndez e tivo que enfrontar dúas rebelións da poboación santiaguesa (1116-1136) polo abusivo do exercicio do seu poder na cidade.

1.6 A revolución urbana

Salvo Lugo, hai que falar dunha debilidade da herdanza urbanística romana. Na época suevo-visigótica incorpóranse á escasa nómina de cidades as **cidades episcopais**, pero coa característica que lle é propia a estas: son meros enclaves onde reside o bispo, cunha pequena infraestrutura urbanística, pero con funcións moi limitadas. No IX nace Compostela, cidade nada *ex novo*. A pesar da súa singularidade como meca de peregrinación, non deixa de ser unha cidade relativamente feble e pequena.

A gran cidade nada en Galicia antes do XII é, así, un conxunto urbanístico feble e pouco representativo da vida urbana.

A partir do s. XII a reactivación da economía polas transformacións económicas no agro e o fin das Segundas invasións fixeron florecer unha importante vida urbana. Os monarcas Fernando II e Afonso IX foron os que máis potenciaron este proceso coa fundación ou a repoboación de novos núcleos aos que concederon importantes privilexios e foros.

O mar é o principal espazo do proceso de urbanización nesta época. Deixa de ser visto e considerado como un elemento perigoso, o cal ten que ver coa desaparición da pirataría normanda (século XI), e da pirataría sarracena (XII). A **revitalización do comercio por vía marítima**, que comeza a partir do XII, e o lugar estratéxico que ocupa Galicia nos contactos entre o Mediterráneo e o Atlántico, fai do control da costa unha cuestión moi importante para as institucións señoriais e para a monarquía. Moitas das cidades fundadas polos monarcas quedarían doadas ao arcebispo de Santiago, quedando finalmente só como cidades de reguengo (baixo control directo do monarca) as cidades de Baiona, A Coruña e Ribadeo.



Ilustración 5. San Martiño de Noia

Un bo exemplo deste proceso de cesión de cidades fundadas polos monarcas ao arcebispo o temos nas disputas entre Fernando II e Santiago. En 1168 Fernando II promove a fundación de Noia, para que os peregrinos que viñesen por mar puidesen evitar o imposto do portádego arcebispal de Torres do Oeste. Inmediatamente protesta o arcebispo compostelán, e o rei doa Noia ao señorío compostelán. No mesmo ano da cesión, Fernando II promove outra fundación costeira máis cara ao sur. Pontevedra fúndase a partir dun pequeno enclave xunto a unha vella ponte sobre o Lérez. Como sucedera antes, o arcebispo de Santiago alza a súa voz, así como o mosteiro de Poio, e en 1180 Fernando II cede ao arcebispado o señorío sobre a cidade de Pontevedra (xoia da coroa do arcebispado durante boa parte da Idade Media). A cidade vai ser o principal porto comercial de Galicia e tivo un crecemento e unha sólida implantación entre os séculos XIII ao XV.

Ademais do mar cabe destacar a **importancia do Camiño de Santiago**, xa que a intensificación da peregrinación favoreceu a fundación de numerosas vilas e cidades no seu percorrido como Arzúa, Melide ou Triacastela.

2. A *inventio* de Santiago

Ata o século VIII temos poucas referencias documentais sobre a actividade de Santiago o Maior, apóstolo de Xesús. E moito menos sobre que predicase en algún lugar da Península Ibérica. Será a partir dos *Comentarios ao Apocalipse* do Beato de Liébana: o destino de predicación de Santiago foi Hispania. Isto debemos enmarcalo no contexto da conquista musulmá e co conflito do **adopcionismo** que foi unha loita entre unha Igrexa que quería vivir en consonancia cos islámicos e outra que o rexeitaba totalmente (a astur-leonesa e a toledana). Un salto adiante témolo no himno litúrxico de *O Dei verbum*, redactado en tempos do rei Mauregato (783-788). O seu autor non se identificou definitivamente pero Santiago xa non é mencionado só como predicador e evanxelizador, senón como patrón da cristiandade hispánica, atribuíndolle unha extraordinaria importancia cualitativa.

Con estes elementos aséntanse as bases ideolóxicas para “atopar” a tumba de Santiago. Isto ocorre durante o reinado de Alfonso II. A **inventio** (descubrimiento ou invención en latín) produciuse entre os anos 820 e 830. O anacoreta Pelaio, o bispo de Iria (Teodomiro) e o propio Alfonso II son os personaxes principais da historia que se tece. O achado prodúcese nun lugar preto dunha antiga mansión viaria romana, nun emprazamento en altura parcialmente abandonado na súa parte occidental, cara ao século VII, onde, en teoría, se atopaba unha pequena cámara de 17 m², na que estaban enterrados Santiago e os seus discípulos, da que non temos restos arqueolóxicos porque foi destruída por Xelmírez.

O achado foi ratificado como veraz por **Teodomiro**, bispo de Iria, e polo rei Alfonso II que se presenta segundo a tradición como primeiro peregrino que acode a visitar a tumba unha vez identificada. Constrúe unha primeira igrexa ao redor do sepulcro e comeza a darlle terras e privilexios. Créase un primeiro *locus sanctus* e un mosteiro (Antealtares) encargado de levar a cabo o culto apostólico. Arredor vai xurdindo unha pequena cidade concibida co modelo de inspiración levítica.

Quedaba un problema a resolver: como explicar que alguén que morrera en Xerusalén no ano 44 apareza enterrado en Galicia?. Xa a mediados do IX xérase unha explicación, seguindo os canons da época (dálle verosimilitude na época, é dicir, para os contemporáneos é asimilable este relato): explícase a través do marabilloso, do poder de Deus. Elabórase a Pseudoepístola de León, base das posteriores versións da **traslatio**. Enténdese entón que tras predicar na Península, Santiago volvería a Xerusalén nalgún momento, e tras morrer prodúcese o traslado do seu cadáver para ser enterrado onde predicara.

Paulatinamente comezou a organizarse unha vía de peregrinación que a partir do s. X converteríase no Camiño de Santiago, a principal vía cultural que conectaba a Península Ibérica co resto de Europa. A vía terrestre por Navarra sería a vía principal, e a vía marítima, outrora a recomendada, quedaría relegada ao peregrinos das Illas Británicas. O impulso definitivo para as peregrinacións masivas e a extensión do culto foi en 1122 cando o papa **Calixto II** concedeu o privilexio do Ano Xubileo que consiste na absolución plenaria (xubileo plenario, acceder directamente ao Paraíso trala morte) a todos os que visiten Santiago o ano no que o 25 de xullo coincida en domingo.



© Xosé Luís Alonso

Ilustración 6. Torres de Catoira

3. A Baixa Idade Media (s. XIV-XV)

3.1 A crise do s. XIV

Galicia desde o s. XIII comezou un proceso de marxenización progresiva debido ao seu afastamento das zonas de decisión política. Isto podemos observalo especialmente baixo os reinados de Afonso X. Afonso mantivo unha posición ambivalente con Galicia. Famoso é o seu cultivo da lingua galega coma lingua culta literaria (Cantigas de Santa María), pero non tan famosa é a súa creación do cargo de Adiantado Maior, cargo superior ao da merindade, que relegou a Galicia a unha submisión efectiva do poder real moi importante. A merindade, institución que practicamente funcionaba coma un vicerreinato e que so existía en Galicia, fíxose efectiva a territorios coma Murcia ou Andalucía, quitando a exclusividade galega. Afonso X tamén mantivo fortes disputas cos señoríos eclesiásticos no seguimento da súa teoría de fortalecemento do poder real recollidas nas súas famosas *Sete Partidas* onde trata de uniformar o dereito na Coroa. Mantívose escéptico e distante co culto de Santiago xa que el era un fervoroso promotor do culto mariano.

Nesta liña, entramos no período coñecido como Baixa Idade Media. Período que comprende os dous últimos séculos do medievo (s. XIV-XV). Son anos caracterizados por un retroceso demográfico e unha forte crise económica, social e política. A crise demográfica estivo causada por varias razóns. A primeira é a sucesión dunha serie de malas colleitas, debido a abundancia de chuvias e períodos fríos que impiden a maduración dos froitos. Esta serie de anos de pobres resultados agrícolas

xeraron fame e con ela unha debilitación do sistema inmunitario, que facilitou a expansión da **Peste Negra**.

En Galicia, a peste penetra polo porto de Baiona e chega ao mesmo no 1348. Esta epidemia deixou despoboados moitos pobos e aldeas co conseguinte abandono de moitos campos por falta de man de obra. Os campesiños foron os máis afectados, tiveron serios problemas para poder seguir cumprindo coas súas obrigas forais, e os señores viron como as súas rendas diminuíron notablemente. Esta situación derivará nunha potente **crise social** que puxo a proba o sistema estamental; xa que, a necesidade da nobreza de reter aos campesiños nos seus señoríos e o descenso das rendas obtidas debido a crise global, fixeron máis duras as relacións feudais.



Ilustración 7. Catedral-fortaleza de Tui

3.2 O comercio marítimo e a actividade urbana

Non todo é crise neses séculos. A actividade comercial marítima de certa importancia comeza a mediados do XIV, coa exportación do viño principalmente, pero descansa en tres cuestións principais: a aparición da actividade salgadora, que convirte aos galegos nos maiores exportadores de peixe da Coroa; a política exterior desenvolvida pola Coroa de Castela (Guerra dos Cen Anos) que favorece o achegamento a Francia; e a entrada dos mercadores galegos no comercio mediterráneo, grazas á crise do porto de Barcelona cara a 1380.

Os portos mercantís principais de Galicia, que tiñan o privilexio real de carga e descarga, eran Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, Muros, Baiona, A Coruña, Betanzos, Pontevedra e Padrón. Por causas naturais (aluvións fluviais) tres deses portos perden parte dese prestixio desde o XV: Padrón,

Pontevedra e Betanzos. Despuntan pequenos portos pesqueiros: Vilanova, Vilagarcía, O Grove, Palmeira, Rianxo, Pobra do Deán, Redondela, Vigo e Cangas.

Ata o ateigado de sedimentos do río Lérez, provocado pola tala masiva do seu bosque, o papel comercial de Pontevedra foi moi destacado. Comerciaaba con dous espazos privilexiados que eran a costa atlántica portuguesa e andaluza. Exportaban de Pontevedra pescado, madeira e coiros e recibían de Portugal sal e viño, e de Andalucía aceite, viños e trigo. O outro espazo privilexiado eran os portos mediterráneos da Coroa de Aragón: exporta peixe e coiros e recibe viños e panos. O papel portuario da Coruña, foi probablemente o máis dinámico, sobre todo na segunda metade do XV. A súa actividade principal é a pesca e exportación de salgadasuras. Importancia tamén como punto de arribada de peregrinos por vía marítima, fundamentalmente británicos.

3.3 A inestabilidade política e social

A mediados do século XIV a sobre mortalidade tamén tiña as súas raíces nos frecuentes conflitos bélicos entre os diferentes reinos e as intrigas pancegas dentro dos propios reinos que se traducen en inestabilidade política e cambios de dinastías, así como no intento destas de ir dominando á nobreza e ao alto clero. Pódese dicir que, como consecuencia desta conflictividade, vai ir agromando un novo mundo onde a creación de estruturas estatais será a nota dominante. Estamos ante un período de guerras civís en todos os reinos peninsulares entre os que cabería destacar a **Guerra Civil de Castela** (1366-1369), entre Pedro I e Henrique II, que dá lugar á entronización da casa dos Trastámara e significa un enfrontamento entre o rei e a nobreza que aposta por Henrique II, moito máis magnánimo con este estamento. Un ano despois da súa entronización, Fernando I de Portugal reclamará o Reino de Castela contando co apoio de nobres fieis a Pedro I, entre os que destacan varios nobres galegos coma Nuño Freire de Andrade e a familia dos Castro. Fernando I chegaría ata A Coruña e a ocuparía até 1371, ano no que asina a paz con Henrique II despois de que o expulsara de Galicia.

En 1386 hai un rebrote da guerra cando Xoán de Gante, duque de Lancaster, que era xenro de Pedro I, trata de conseguir o trono de Xoan I de Castela, contando co apoio de Portugal. O duque de Lancaster estivo sete meses en Galicia. Desembarcou na Coruña, pasou por Santiago e instalouse en Ourense, chegando incluso a acuñar moeda. Pero consciente da súa falta de apoios acabaría abandonando Galicia.

4. As revoltas irmandiñas

4.1 Contexto social e económico

Existían dúas realidades sociais moi contrapostas: a existencia dese campesiñado consciente, por primeira vez, da importancia do seu traballo, e o feito, tanto por isto e pola conxuntura crítica a raíz do despoboamento da Peste Negra, de que conseguen ver rebaixadas as súas rendas esixidas e condicións forais. Pola contra, unha nobreza laica e uns cabaleiros vinculados a ela que recorren a unha violencia sistemática e intimidatoria, cunha finalidade económica: obter rendas, amparadas na tradición ou no abuso. A nobreza laica xera conflitos, non só cos campesiños e coa burguesía, senón tamén entre eles.

Os conflitos internos entre os distintos grupos aristocráticos son recorrentes para tentar lograr un maior control sobre poboación e rendas. Ademais, a nobreza laica proxecta esta violencia sobre as grandes institucións eclesiásticas, e isto contando co apoio dos concellos, os cales fan unha pinza en contra dos bispos debido aos intereses no señorío da cidade. Por exemplo, en 1458 o nobre Rui Sánchez de Moscoso establece unha Irmandade co concello compostelán contra o arcebispo, Lope

de Mendoza, ausente da cidade pola súa estadía na Corte. Esta é unha época nada fácil para a alta xerarquía eclesiástica galega. Moitos bispos foron asasinados o transcurso de accións violentas xeradas pola rivalidade polos señoríos.

A nobreza galega estaba descontrolada. En 1429 morre o último representante da gran nobreza radicada en Galicia e vinculada coa familia real: Don Fadrique. É unha nobreza sen liderado interno e cada unha das familias aristocráticas loita na comarca ou comarcas en que están asentadas, para incrementar ou seu poder. Outra cuestión importante é a escasa presenza real en Galicia, que xa vén de atrás. A ausencia prolóngase entre 1376 e 1486, cando veñen os Reis Católicos. Tamén é importante a perda de funcionalidade dos Adiantados Maiores, os grandes representantes do poder rexio.



Ilustración 8. Vista da fortaleza da Lanzada destruída nas guerras irmandiñas

4.2 A Irmandade Fusquenlla

Nuño Freire de Andrade, alcumado O Mao, señor de Ferro, Pontedeume, Vilalba e Betanzos, decide impor aos seus campesiños unha tributación especial en 1431 para sufragar os gastos da visita do infante Enrique de Aragón a Santiago. Foi a gota que colmou o vaso do malestar campesiño e burgués, que parece iniciarse en Ferrol, baixo o liderado dun fidalgo ao que chamaban **Roi Xordo** e que culminará coa formación da **Irmandade Fusquenlla**. As irmandades eran asociación de persoas ou concellos permitidas polos reis para defenderse dos abusos ou defender dereitos fronte os nobres.

O comportamento dos Irmandiños de Roi Xordo prelude as futuras revoltas irmandiñas. Destrúen algunhas fortalezas e bens do señor e se alían con xentes de bispados de Lugo e Mondoñedo. Toman Pontedeume e cercan no palacio/castelo a parte da familia de Nuño Freire. Están constituídos en

Irmandade, pero non recibiría o visto e prace do rei. Loitan baixo o pendón de Santiago, igual que fixeran as primeiras irmandades documentadas. Os ataques destes primeiros Irmandiños están limitados a bens da nobreza laica e cabaleiros, quedando fóra de ameaza os bens eclesiásticos e reais.

Nuño Freire foxe das súas terras e solicita entón axuda real. Xoán II envía como delegado ao arcebispo compostelán Lope de Mendoza. Pero este non chega a un acordo cos irmandiños, e o que é máis, a súa seguinte pretensión será atacar Santiago. O fracasado ataque sobre Santiago marca o punto de inflexión, polo menos na sorte bélica, deste primeiro conflito. Agora o apoio real a Nuño Freire é claro e decidido. Noméase un corrixidor real, que se vai a pór cun exército ao servizo de Nuño Freire. Atacan Pontedeume, acaban co asedio e derrotan aos irmandiños, que a partir de aí disólvense e sofren unha dura represión nobiliaria, con aforcamentos e prisión.

4.3 A Gran Guerra Irmandiña (1467-1469)

O conflito irmandiño debemos contextualizalo dentro da guerra sucesoria entre Henrique IV e o infante Afonso. En 1465, o mesmo ano da Farsa de Ávila, unha pantomima de propaganda política na que Henrique IV é destronado en efixie. A nobreza galega aparece dividida entre unha parte fiel a Henrique IV e outra que apoia ao infante Afonso. En Galicia apoian ao bando do infante un grupo de grandes nobres: os condes de Benavente, Lemos, Fernán Pérez de Andrade (O Mozo) ou o arcebispo Alonso de Fonseca. Non é casualidade que as terras e castelos destes son os máis atacados polos irmandiños.

Aproveitando este conflito, e fronte aos abusos señoriais que continuaban, as irmandades organízanse con rapidez. Abarcan parte de Galicia, pero hai amplas zonas sen presenza documentada. As irmandades organízanse por colacións, parroquias e terras; emula a organización social do reino de Galicia. En febreiro de 1467 organízase en Melide a **Santa Irmandade do Reino de Galicia**. Formada por campesiños, habitantes das cidades, incluso clérigos e fidalgos, chegaron a ter a participación de 80.000 persoas en todo o territorio. Entre os seus dirixentes máis afamados temos a Pedro Osorio, Alonso de Lanzós ou Diego de Lemos.

Entre marzo e abril dedícanse a súa organización interna: deciden que o tema das fortalezas é a súa competencia exclusiva; escollen alcaldes e deputados para asistir a asembleas; organizan as milicias e forman asembleas locais, sempre apoiadas pola Coroa. O 25 de abril a primeira fortaleza é derrocada: Castelo Ramiro (Ourense). Durante un ano a tarefa esencial dos irmandiños consistiu en destruír fortalezas (entre 130 e 155). Henrique IV autoriza nunha carta as derribas. Durante o control irmandiño non cuestionaron o modelo de sociedade que existía, nin se expón un programa de reformas. Pero en setembro de 1468 as cousas empezan a cambiar desde fóra de Galicia; o Pacto de Touros de Guisando pon fin á Guerra civil castelá neste ano (ata que o matrimonio de Isabel con Fernando de Aragón produce o rebrote da mesma). A Irmandade perde o apoio de Henrique IV; e, é entón cando os nobres son conscientes da oportunidade que se presenta de retomar o control. Os sectores da fidalguía da Irmandade desvincúlanse dela, por exemplo Diego de Lemos, e a nobreza e o arcebispo de Santiago van formando exércitos desde Portugal e Castela. Destaca Pedro Madruga (Pedro Álvarez de Soutomaior que 1469 cruza o Miño e derrota a un primeiro continxente irmandiño. Chega a Pontevedra, que lle impide a entrada. Segue até Santiago, onde se reúne con Alonso de Fonseca. A derrota irmandiña, a diferenza do que sucedera no 31, non é contundente nin inmediata. Nas batallas a campo aberto son derrotados; pero na toma das cidades, os grandes nobres tiveron que pactar cos seus habitantes (Pontevedra, Allariz). Até 1474 hai enclaves que manteñen a súa lealdade aos irmandiños, que teñen presenza local ou comarcal. Trala vitoria organizase unha represión limitada. O castigo que se impuxo, en moitos casos, foi a reedificación das fortalezas derruídas, co seu traballo e pagando, aínda que as de Santiago non se reconstruíron.

4.4 A monarquía dos Reis Católicos

A nobreza galega tomara partido por Xoana a Beltranexa na Guerra de Sucesión de Castela. Isto a coloca nunha posición delicada ante o ascenso ao trono de Sabela I de Castela. Para dominar o reino de Galicia, os RRCC tomaron unha serie de medidas entre as que destacan a creación do cargo de **gobernador ou xustiza**, que representaba o poder real, e a da **Real Audiencia de Galicia**, que actuaba coma tribunal superior de xustiza. Estas medidas estaban destinadas a obter o control político de territorio mediante o sometemento á xustiza centralizada dos monarcas e a ter a capacidade de impoñer as súas decisións de xeito efectivo.

Debemos recordar que os RRCC acometeron unha fonda reforma administrativa e política e son considerados pola historiografía española como os monarcas que inician a transición do medievo á modernidade. Estas reformas estaban orientadas a fortalecer o poder dos monarcas fronte o da nobreza apoiándose nas cidades, marcando o nacemento da monarquía autoritaria extinguindo a de tipo feudal. A tal efecto, ordenaron o derrubado das fortalezas contando co apoio dunha nova irmandade sostida polas cidades galegas. A isto opuxéronse Pedro Madruga e Pedro Pardo de Cella, este último executado en 1483 en Mondoñedo e convertido en mito pola literatura romántica do XIX. No eido do sometemento do poder relixioso impuxeron a renovación dos mosteiros bieitos e do Císter para poder controlalos e cambiaron aos seus dirixentes por clérigos afíns de orixe castelá.

Con esta situación entraremos na modernidade baixo o novo paradigma da monarquía autoritaria.



Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Capela visigótica de San Xes de Francelos	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 2. Santo Estevo de Rivas de Sil	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 3. Santa Cristina de Ribas de Sil	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 4. Interior cisterciense de Santa María de Meira	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 5. San Martiño de Noia	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 6. Torres de Catoira	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 7. Catedral-fortaleza de Tui	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia:
Ilustración 8. Vista da fortaleza da Lanzada destruída nas guerras irmandiñas	Autoría: Xosé Luís Alonso González. Licencia: Con permiso do Autor Procedencia: